



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO



CONCELLO DE
CAMBADOS

Acordo de colaboración para a
realización conxunta dun evento
deportivo entre a

FEDERACIÓN GALEGA DE
BALONCESTO

e o

CONCELLO DE CAMBADOS



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO



CONCELLO DE
CAMBADOS

ACORDO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DO
CAMPIONATO DE ESPAÑA DE BALONCESTO INFANTIL MASCULINO CAMBADOS 2017

En Cambados, a 12 de xaneiro de 2017

XUNTOS:

Dunha parte, Dna. [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] coma Alcaldesa do Concello de Cambados (C.I.F. [REDACTED]) e no exercicio das súas atribucións, e da doutra parte, D. [REDACTED] [REDACTED] [REDACTED] (D.N.I. [REDACTED]), como Presidente da Federación Galega de Baloncesto (N.I.F. [REDACTED]) con enderezo no Estadio Multiusos de San Lázaro, portal 14, de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN:

I.- Que a Federación Galega de Baloncesto, como entidade de natureza asociativa, está integrada polas Delegacións de eido local, e outras entidades que teñen por obxecto a promoción ou práctica do baloncesto e se atopan adscritas a esta Federación, segundo o establecido nos seus Estatutos.

Así mesmo, a Federación Galega de Baloncesto fomenta o desenvolvemento e a práctica do baloncesto en todas as súas modalidades, establecéndose nos seus estatutos, como funcións propias as de goberno, administración, xestión, organización e regulamentación do deporte do baloncesto en toda Galiza especialmente respecto das competicións e campionatos pola mesma organizados.

A tenor do establecido nos seus Estatutos, a Federación Galega de Baloncesto ostentará a representación nas competicións e campionatos oficiais de baloncesto de carácter internacional e estatal que se celebren dentro e fora do territorio autonómico.

II.- Que o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece que, o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Pola súa banda, o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia dispón que o municipio exercerá competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas e na ocupación do tempo libre. No mesmo senso, artigo 8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia establece como competencia dos Concellos, entre outras, fomentar e promover a actividade deportiva no seu territorio respectivo.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO



CONCELLO DE
CAMBADOS

Dende os últimos anos o Concello de Cambados fai un esforzo moi importante para a celebración nese municipio de eventos deportivos de primeira orde no Estado, coa finalidade de fomentar a participación deportiva entre a poboación e promover a súa imaxe turística e social e a súa propia economía. Deste xeito, o Concello de Cambados, está interesado en que a localidade de Cambados sexa sede do "Campionato de España de Clubs de Baloncesto Infantil Masculino 2017".

III.- En consecuencia, ambas partes, recoñecéndose plena capacidade e lexitimación na representación que ostentan, manifiestan o interese común en subscribir o presente **ACORDO DE COLABORACIÓN PARA A CELEBRACIÓN CONXUNTA DO CITADO EVENTO DEPORTIVO** e acordan de conformidade coas estipulacións seguintes,

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA.- Obxecto.

A FEDERACION GALEGA DE BALONCESTO (en diante ENTIDADE ORGANIZADORA ou FGB), concede ao Concello de Cambados, (en diante COMITÉ LOCAL ou SEDE), a condición de sede para á celebración da Fase Final do Campionato de España de Clubs de Baloncesto Infantil Masculino 2017 nos Pavillóns ou Instalacións deportivas sitos todos na provincia de Pontevedra e na que participarán os 32 equipos clasificados para tal evento dende o día 11 de xuño de 2017 ata o día 17 de xuño de 2017, (en diante, o EVENTO).

A ENTIDADE ORGANIZADORA e o COMITÉ LOCAL recoñecen que a Federación Española de Baloncesto (en diante, FEB) a súa participación neste evento como colaborador.

SEGUNDA.- Organización.

A ENTIDADE ORGANIZADORA e o COMITÉ LOCAL asumen as obrigas de prestar os servizos necesarios para a organización do EVENTO segundo o establecido nas Condicións Xerais (Anexo A), e ao cumprimento íntegro da Normativa FEB da tempada 2016-17.

Para o no previsto no presente acordo, estarase disposto no particular polos Estatutos, Regulamento Xeral e de Competicións, e Normas Específicas desta Competición e en xeral pola lexislación vixente en materia deportiva.

Corresponde á ENTIDADE ORGANIZADORA o control e supervisión do cumprimento das obrigas asumidas polo COMITÉ LOCAL para a celebración do evento. A tal efecto, o Comité Local e a Federación Galega de Baloncesto designarán un/unha representante cada un, que actuará de coordinador/a e interlocutor/a para o seguimento e cumprimento do acordo suscrito.



TERCEIRA.- Causas de resolución.

No suposto de incumprimento grave dalgunha das obrigas asumidas polo COMITÉ LOCAL no presente acordo ou os seus Anexos, a FGB/FEB terá a facultade de resolver o acordo suscrito, no seu caso, podendo reclamar os danos sufridos co motivo do incumprimento.

Exercitarase a facultade de resolución do acordo por incumprimento grave, a ENTIDADE ORGANIZADORA quedará facultada para contratar con outra sede a celebración do Evento obxecto do presente acordo.

A notificación da resolución do acordo realizarase por calquera das partes, de forma expresa, mediante carta certificada con acuse de recibo ou burofax, ao domicilio social das entidades firmantes deste acordo.

CUARTA.- Gastos e tributos.

Todos os gastos e tributos derivados da formalización do presente acordo serán a cargo do COMITÉ LOCAL, incluídos os gastos para a reprodución de calquera elemento audiovisual, que virá obrigada a solicitar autorización da Sociedad Xeral de Autores e Editores (SXAE), así como a liquidar os dereitos de autor que correspondan.

QUINTA.- Réxime fiscal de incentivos.

Aos efectos establecidos na Lei 49/2002, de 23 de decembro, sobre o réxime fiscal de entidades sen fins de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenazgo, maniféstase que a FGB está acollida ao réxime fiscal especial previsto para as entidades sen fins lucrativos no Título II da citada Lei, tramitando as correspondentes declaracións ante a Axencia Tributaria e obtendo as autorizacións pertinentes.

SEXTA.- Administración Municipal.

Para acadar os obxectivos previstos o Comité Local realizará todos aqueles trámites administrativos que correspondan para a execución dos compromisos económicos previstos no presente acordo.

Deste xeito, tramitaranse os expedientes administrativos de contratación que correspondan, axustados ás determinacións do R.D. L. 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, así como, de ser o caso, o procedemento axeitado para o outorgamento de axudas ou subvencións, consonte co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e demais normativa reguladora das subvencións subvencións públicas.



ANEXO A - CONDICIÓN XERAIS

PRIMEIRA.- Obrigas do Comité Local ou Sede

O Comité Local, ou Sede, obrígase ao desenvolvemento de todos os aspectos de produción, organización e promoción da competición, referidos ao Campionato de España de Clubs de Baloncesto Infantil Masculino Cambados 2017 na estipulación segunda, asumindo a organización directa e comprometéndose a seguir as directrices que estableza a FGB/FEB no desenvolvemento do evento.

Ase mesmo comprométese ao cumprimento tamén das seguintes obrigas:

INSTALACIONES DEPORTIVAS

1. As instalacións para adestramentos e partidos da competición, de conformidade coa obriga que asume en virtude do acordo de adjudicación, deberán ser de balde e postas a disposición da FGB/FEB con 48 horas de anticipación ao inicio da competición, e deberán cumprir os seguintes aspectos:

- 1.1 A totalidade do Campionato disputaranse nos pavillóns da provincia de Pontevedra.
- 1.2 Cumprir coas condicións esixidas no Regulamento Xeral e de Competicións e nas Normas Específicas da Competición en vigor.
- 1.3 Dispoñer de medios técnicos e persoais que permitan solucionar incidencias en calquera elemento técnico nas instalacións.
- 1.4 Aplicar os cambios previstos nas Regras Oficiais de Xogo 2010, os cales se resumen no establecemento da liña de 3 puntos a 6,75 metros; adaptación de os dispositivos de 24 para a normativa "24" -14" de posesión; semicírculo de non carga; zona rectangular, liña de 8,325 metros e demais requisitos establecidos nela.
- 1.5 Deixar libre de insercións publicitarias as instalacións, agás a publicidade propia do Concello de Cambados, quedando a disposición da FGB/FEB o espazo dispoñible para publicidade situada a pé de pista, sendo a FGB a responsable de xestionalos.
- 1.6 Deberán habilitar un espazo reservado para a FGB/FEB, onde se poderán instalar tendas da Federación Española de Baloncesto. Este espazo deberá estar situado en lugar preferente á vista do público asistente.
- 1.7 Xestionar todos os permisos municipais necesarios para a instalación de elementos promocionais no exterior do pavillón, así como as subministracións e gastos de limpeza posterior que esta actividade xeren.
- 1.8 Ademais, as instalacións deberán cumprir os seguintes requisitos:



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO



CONCELLO DE
CAMBADOS

a. Zona de cancha:

- Marcador e aparato de 24".
- Taboleiros, aros e redes de reposto e persoal necesario para o seu troco se fose necesario.
- Mesa de anotadores con 5 cadeiras.
- Un banco amplo para cada equipo en xogo.
- 4 banquetas para as substitucións.
- Estatísticas: 2 mesas con 4 cadeiras cada unha.
- Toallas ou mopa para secar o terreo de xogo
- Botellas de auga suficientes para cada equipo durante partidos e adestramentos.
- Megafonía axeitada en cada instalación
- Iluminación 1.700 lux como mínimo.
- Carro para os balóns.

b. Vestiarios (catro para os equipos, máis dous para os árbitros):

- Bancos e perchas.
- Pizarra, rotulador e borrador.
- Xeo suficiente para antes do partido, no descanso e despois dos partidos.
- Duchas con auga quente.
- Servizos limpos e con papel hixiénico.

c. Vestíbulo con paneis para colocar:

- Resultados e clasificacións.
- Outras informacións.

d. Sinalización interior e exterior(aparcadoiro) do campionato dos lugares reservados para os participantes, FGB/FEB, autoridades, invitados, organización etc.

e. Conexión a internet ou Wi-Fi a pé de pista para uso exclusivo da FGB/FEB

f. Dispoñer de 12 balóns por pista que serán facilitados pola FEB/FGB e que ao remate do campionato quedarán como legado para a Sede, marca MOLLEN, modelo BGG7, para o seu uso na competición; 6 balóns como mínimo por equipo nas sesións de adestramento e 4 por equipo para o quecemento dos encontros, ademais dos oficiais de xogo.

g. Sala en cada pavillón cos elementos necesarios para o desenvolvemento da competición á disposición da FGB/FEB. (impresora, mesa, cadeiras, etc)

h. Sala de prensa e Sala de Doping.

i. As instalacións deberán estar a disposición dos equipos participantes con 24h de antelación á data de comezo da competición, e que todos ops participantes poidan dispoñer ao menos dunha 1 de adestramentos si así o solicitan na orde preestablecida.



OUTRAS OBRIGAS DA SEDE

1. Gravar todos os partidos en DVD, con entrega máximo 30 minutos despois de finalizar cada partido, mediante entrega dun pen-drive. (Nota: Á finalización do primer partido de cada equipo farase entrega do pen-drive coa grabación do partido, ao longo do campionato, cada equipo facilitará open drive antes do comezo do partido correspondente vacío de contido para que se lles faga entrega grabado ao finalizar o encontro.
2. Deberá emitirse por streaming mediante a plataforma "CANAL FEB" alomenos os partidos dende octavos de final. Remitirase manual no que constan os requisitos e procesos de emisión dos partidos.
3. Elaborar as estatísticas de cada encontro seguindo o programa de captación de datos a pé de pista homologado pola FEB, con entrega de estatísticas cuarto a cuarto, levando acumulado de estatísticas. Ademais deberán publicarse en directo en Baloncesto en Vivo. Pódese descargar a súa última versión e manuais neste link: <http://baloncestoenvivo.feb.es/centroinformacion>
4. Poñer a disposición da FEB/FGB unha oficina no hotel durante todo o campionato na que haberá cadeiras e mesas, dispoñibles as 24 horas do día e con wi-fi ou acceso a internet.
5. O Concello de Cambados, co obxectivo principal da promoción do deporte comprométese a non poñer taquilla en ningún encontro, tendo acceso libre os espectadores a todos os partidos en función do aforo das instalacións.
6. Dispoñer dun médico por cada pavillón con competición oficial e ambulancia nos pavillóns oficiais do campionato, con soporte vital básico para incidentes sanitarios que poidesen producirse con motivo dos partidos. A Ambulancia será de uso exclusivo para urxencias vitais.
7. Proporcionar todo o persoal auxiliar necesario e persoas voluntarias para a correcta celebración dos encontros. Solicitar a presenza de Corpos e Forzas da Seguridade do Estado e asumir os gastos de seguridade privada se fose necesario.
8. Subscribir un seguro de Responsabilidade Civil contra terceiros, a razón de 100.000 € por sinistro, que cubra calquera accidente que poida producirse por razón das instalacións, ou da propia celebración do propio evento. Así mesmo, o Organizador dispoñerá de un seguro de responsabilidade civil e de accidentes para os voluntarios que participen no evento, fronte a danos derivados do exercicio da súa actividade que deberán remitir á FEB/FGB con 30 días de antelación á celebración do campionato.
9. Facilitar cun mes de antelación ao inicio do Campionato unha relación de hoteis para os equipos en función de 15 pax a precios asequibles.
10. Facilitar oferta de aloxamento para 20 árbitros e 5 técnicos (10 dobles e 5 DUL por si se designa unha árbitra) en Hotel aprobado pola FEB/FGB, en réximen de pensión completa.



11. Transporte interno para árbitros e técnicos, dende e ata os aeroportos correspondentes, así como os movementos necesarios para adestramentos e partidos durante todo o campionato. Todo isto analizado en función das necesidades de desprazamentos que sexan necesarias.
12. Facilitar unha sala con medios audiovisuais (TV, DVD e pizarra) para o equipo arbitral, dende a chegada destes ao campionato, ata a súa saída no hotel onde se aloxen, para 25 persoas.
13. Adoptar as medidas necesarias para evitar condutas violentas ou que inciten á violencia en os recintos, así como a velar polo cumprimento das condicións particulares establecidas na Lei 19/2007, do 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. Así mesmo, o organizador deberá elaborar e presentar á FGB/FEB, cun mes de antelación ao inicio do Campionato, un Protocolo de Seguridade, Prevención e Control, no que ademais de reflectir a adecuación da instalación aos requisitos establecidos pola normativa en materia de instalación deportivas, farase constar de forma pormenorizada as medidas adoptadas ou dispostas polos organizadores para garantir o cumprimento das obrigas establecidas en materia de seguridade pública e para previr ou evitar a comisión de infraccións no ámbito da prevención da violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte, conforme ao disposto no artigo 5 do RD 203/2010, regulamento de prevención da violencia nos espectáculos deportivos, ditado en desenvolvemento da Lei 19/2007.
14. Producir e distribuír o cartaz e o programa informativo proporcionado pola FEB/FGB destinado ao evento. A FGB comprométese a engadir nas redes sociais eventos e novas vencelladas a este campionato así como a distribuír entre as súas entidades información do propio evento.
15. Solicitar autorización previa da FGB/FEB para calquera tipo de produción de artigos promocionais vencellados co presente Campionato, agás para as fotografías e vídeos que quedan autorizados.
16. Dispoñer dos servizos dun fotógrafo que como mínimo proporcionará á finalización da primeira xornada do campionato as fotografías de equipo de cada club participante, así como calquera outra documentación gráfica solicitada pola FGB/FEB.
17. A cesión de balde e a xestión de permisos, por parte do Concello de Cambados, dos espazos necesarios para as actividades de promoción do evento, e dos seus patrocinadores, entorno aos pavillóns onde se celebrará o campionato e baixo o estrito cumprimento da normativa municipal de ocupación da vía pública, por parte da FGB/FEB, así como para o desenvolvemento de actividades de promoción do baloncesto e aquelas outras que a FGB/FEB considere oportuno, para crear un ambiente lúdico na cidade durante os días dos partidos, previamente consensuadas e acordadas co Concello de Cambados.



SEGUNDA. - Gastos do Comité Local ou Sede

1. O Comité Local ou Sede sufragará todos os gastos derivados da estipulación primeira do presente Anexo.
2. Así mesmo sufragará os gastos de aloxamento e manutención acordados, seguindo estas condicións máximas:

a) Dende o inicio do campionato:

- Gastos de desprazamento (incluído e aloxamento en hotel en réxime de pensión completa de directivos e persoal FEB/FGB nun máximo de 10 persoas en cuartos individuais, dende o xantar do día anterior ao comezo do campionato (ou o seu equivalente en estanzas en pensión completa), aprobado pola FGB/FEB, ata o almorzo do día posterior á Final. Nos 15 días anteriores a celebración do Campionato se confirmará por parte da FGB/FEB o número de habitacións necesarias.
- Gastos de desprazamento e transporte interno para os membros Feb/FGB, árbitros e técnicos dende e ata os aeroportos correspondentes así como os movementos necesarios para adestramentos, partidos e recepcións oficiais, unha vez valorada a súa necesidade.

b) Dende oitavos de final ata a final:

- Un día de aloxamento para 20 árbitros e 5 técnicos (en 10 dobres e 5 DUI ou 9 dobres e 7 DUI se se designan árbitras) en Hotel aprobado pola FGB/FEB, en réxime de pensión completa (entrada mércores con xantar e saída con almorzo o xoves).
- O Aloxamento de 8 árbitros e 2 técnicos (en 4 dobres e 2 individuais ou 3 dobres e 4 DUI se se designan árbitras) en réxime de pensión completa, dende o xoves con xantar ata o último día (sábado) con xantar.
- Dereitos de arbitraje.
- Gastos de oficiais de mesa. (dereitos, gastos de desprazamento e aloxamento en os mesmos termos que os árbitros, cando fose necesario).



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO



CONCELLO DE
CAMBADOS

c) Gastos de Xestión e promoción do evento:

8.000€ a abonar na conta da FGB con seguintes prazos:

1º Plazo: 50% á firma do convenio.

2º Plazo: 50% antes do 31 de maio.

TERCEIRA. – Obrigas e gastos da FGB/FEB

1. Designar aos árbitros do Campionato.
2. Realizar o deseño do cartel do Campionato.
3. Gastos de desprazamento, estancia e dereitos arbitrais para 5 técnicos para os cursos de detección.
4. Gastos derivados das actividades de promoción que a FGB/FEB consideren oportuno celebrar durante a realización do Campionato de España de Clubs.
5. Difundir o nome do Organizador nos medios de comunicación habituais.
6. Trofeos e medallas para o Campionato.

CUARTA. – Protocolo

Durante o Campionato haberán de observarse as normas protocolarias de apertura, vencedores e clausura nos termos previstos nas Normas Específicas para as Competicións organizadas pola FGB/FEB e sempre acordadas co Comité Local.

Os criterios de situación para as autoridades políticas serán determinados polo Organizador, correspondendo á FGB/FEB os de orde deportiva.

O Palco de Honra (Presidencia) ou o lugar destinado ao Palco, estará dividido en dúas partes co mesmo número de asentos e situación das respectivas autoridades na orde política e deportiva.

QUINTA.- Dereitos de imaxe e publicidade.

Todos os dereitos de imaxe e de publicidade do evento pertencen á Entidade Organizadora debendo o Comité Local, por tanto, facilitar a aquela o recinto do evento (interior e exterior) libre de todo tipo de insercións publicitarias, incluídos todos os círculos da zona e do centro da cancha, así como o resto da superficie da pista de xogo e soportes das canastras, de tal forma que a FEB/FGB non teña restrición algunha para a súa contratación, incluída a publicidade aérea.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO



CORCELLO DE
CAMBADOS

SEXTA.- Outros ingresos.

Todos os dereitos de retransmisión e de venda de calquera tipo, son titularidade e serán Xestionados pola FGB. Non o serán aqueles que se ceden á Sede expresamente e por escrito neste acordo ou calquera dos seus Anexos.

SETIMA.- Empresas Oficiais do Campeonato.

A empresa Oficial de Publicidade para os Campeonatos de España, será a Axencia Oficial da FGB.

OITAVA.- Normas supletorias.

O non previsto no presente acordo estarase ao disposto polos Estatutos, Regulamento Xeral e de Competicións e Normas Específicas da FEB e en xeral pola normativa deportiva vixente.